



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 2 DE NOVEMBRO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D^a María Esther Patiño Rey	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día dous de novembro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 31/10/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2017 – 000043
Importe total	218.199,11 €
Número de facturas	53
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33228537T
Importe	6,46 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Q2827003A
Importe	513,12 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	26/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal-Educación Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Substitución de 2,00 m de canalón na cuberta do polideportivo de Aguiño		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.		
NIF/CIF:	B15985187		
Importe (IVE Incluído):	726,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		2	Data	26/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal-Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración e instalación de porta de emerxencia na carpa municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO JOSÉ DOMÍNGUEZ VICENTE	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ANTONIO JOSÉ DOMÍNGUEZ VICENTE			
NIF/CIF:	76777719Q			
Importe (IVE Incluído):	1.488,30 €			
Observacións:				



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	26/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación de ascensor montacargas do Mercado Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SCHLINDLER, S.A.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (26/10/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		SCHLINDLER, S.A.		
NIF/CIF:		A50001726		
Importe (IVE Incluído):		2.507,83 €		
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	26/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de limpeza de leira e camiño público		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ			
NIF/CIF:	53489596Z			
Importe (IVE Incluído):	726,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	15/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá-Policía Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 18 chalecos guardtex de protección persoal para todos os policías con servizo en coche patrulla ou a pe		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L. - PRODUCTOS Y MANGUERAS ESPECIALES, S.A. - APLICACIONES GESPOL, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L.			
NIF/CIF:	B15134182			
Importe (IVE Incluído):	12.915,54 €			
Observacións:				

Nº Proposta		6	Data	31/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Arranxo de semáforos no Malecón mediante a instalación dun semáforo de peóns no cruce coa Rúa Rosalía de Castro e diferentes axustes para reparar os semáforos do Malecón.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AUTOMATISMO Y CONTROL DE TRÁFICO, S.L.U.	





Informe:	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	AUTOMATISMO Y CONTROL DE TRÁFICO, S.L.U.
NIF/CIF:	B32317547
Importe (IVE Incluído):	1.900,00 €
Observacións:	

Nº Proposta		7	Data	25/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro Arquiveiro-Bibliotecario José Antonio Otero Sobrido		
DESCRICIÓN DO GASTO		Prórroga de contratación temporal na Biblioteca Pública Municipal para o mes de novembro de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.			
NIF/CIF:	A15469406			
Importe (IVE incluído):	2.968,23 €			
Observacións:	- Custo hora: 18,21 € (I.V.E. incluído) - 39 horas semanais - Total horas novembro: 163			

CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS QUE DESTACARAN NA SÚA FACETA COMPETITIVA DURANTE O ANO 2016.

Vista a proposta inicio de expediente subvencionador da convocatoria para o outorgamento de achegas a deportistas que destacaran na súa faceta competitiva durante o ano 2016, do Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández, de data 19/10/2017.

Vista a consignación orzamentaria que substenta esta convocatoria de achegas, que ascende no 2017 á seguinte contía:

Aplicación orzamentaria	Crédito
Partida.- 341 48012	14.000,00€

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o inicio do expediente subvencionador, así como as bases específicas da convocatoria para o outorgamento de achegas a deportistas que destacaran na súa faceta competitiva durante o ano 2016, proposta polo Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández, de data 19/10/2017.





CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.

Vista a proposta inicio de expediente subvencionador da convocatoria para o outorgamento de achegas para a promoción de actividades deportivas correspondente ao exercicio 2017, do Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández, de data 31/10/2017.

Vista a consignación orzamentaria que sustenta esta convocatoria de achegas, que ascende no 2017 á seguinte contía:

Aplicación orzamentaria	Crédito
Partida.- 341 480.10	120.000,00€

Visto o informe émitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 31/10/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o inicio do expediente subvencionador, así como as bases específicas da convocatoria para o outorgamento de achegas para a promoción de actividades deportivas correspondente ao exercicio 2017, proposta polo Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández, de data 19/10/2017.

CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.


Vista a proposta inicio de expediente subvencionador da convocatoria para o outorgamento de achegas para a promoción de actividades culturais correspondente ao exercicio 2017, da Concelleira Delegada de Cultura, Herminia Pouso Maneiro, de data 16/10/2017.

Vista a consignación orzamentaria que sustenta esta convocatoria de achegas, que ascende no 2017 á seguinte contía:

Aplicación orzamentaria	Liña de subvención	Crédito
Partida.- 334 48010	Cultura	18.000,00€

Visto o informe émitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/10/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o inicio do expediente subvencionador, así como as bases específicas da convocatoria para o outorgamento de achegas para a promoción de actividades culturais correspondente ao exercicio 2017, proposta pola Concelleira Delegada de Cultura, Herminia Pouso Maneiro, de data 16/10/2017.





CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. LIÑA DE COLEXIOS E ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS. EXERCICIO 2017.

Vista a proposta inicio de expediente subvencionador da convocatoria para o outorgamento de achegas para entidades sen ánimo de lucro- Liña de colexios e asociacións de pais e nais correspondente ao exercicio 2017, da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 30/10/2017.

Vista a consignación orzamentaria que substenta esta convocatoria de achegas, que ascende no 2017 á seguinte contía:

Aplicación orzamentaria	Liña de subvención	Crédito
Partida.- 323 48010	Educación	6.000,00€

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o inicio do expediente subvencionador, así como as bases específicas da convocatoria para o outorgamento de achegas para entidades sen ánimo de lucro- Liña de colexios e asociacións de pais e nais correspondente ao exercicio 2017, proposta pola Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 30/10/2017.

APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES E O CONCELLO DE RIVEIRA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Herminia Pouso Maneiro, de data 06/08/2016, na que solicita a aprobación dun “Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Museo Etnográfico de Artes”, co obxectivo de revalorizar dun xeito eficaz o patrimonio que ten en custodia, aplicando unha serie de medidas que fagan del un centro competente e competitivo no marco da variada oferta que pon a disposición do público desta cidade, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar ao “Museo Etnográfico de Artes” a cantidade de 13.000,00 € en concepto de subvención.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, pablo Bao Castro, de data 30/10/2017.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o borrador do “Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Museo Etnográfico de Artes”, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar ao



“Museo Etnográfico de Artes” a cantidade de 13.000,00 € en concepto de subvención.

DACIÓN DE CONTA DA RECADACIÓN VOLUNTARIA HABIDA NO 2º TRIMESTRE (2017) DO CENSO FISCAL DE AUGA, LIXO, SANEAMENTO, CANON S. XUNTA E I.V.E.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do listado de Tesourería-Recadación Voluntaria *“Padrón Auga, Lixo, Saneamento, Canon S. Xunta e I.V.E. (Trimestre 2/2017)”*, de data 27/10/2017, asinado polo Interventor e o Tesoreiro, co seguinte cadro resumo:

PERIODO	CONCEPTO	CARGO	BAIXAS XUST.	RECADADO	REL. DEBEDORES	ENTES PUB./FRACC.
2T/2017	Auga	368.086,98 €	103,67 €	351.470,19 €	16.391,28 €	121,84 €
2T/2017	Lixo	398.679,85 €		368.647,73 €	29.833,03 €	199,09 €
2T/2017	Saneamento	106.331,62 €		101.195,95 €	5.095,06 €	40,61 €
2T/2017	I.V.E. Auga	36.811,71 €	10,37 €	35.149,62 €	1.639,54 €	12,18 €
2T/2017	I.V.E. Saneamento	10.611,72 €		10.149,62 €	509,45 €	4,06 €
2T/2017	Canon Auga Xunta	322.594,74 €	66,06 €	312.558,04 €	9.876,02 €	94,62 €
	TOTAL	1.243.116,62 €	180,10 €	1.179.119,74 €	63.344,38 €	472,40 €
		100,00%	0,01%	94,85%	5,10%	0,04%
				94,87%		

ACORDO DE CORRECCIÓN DE ERROS - AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL (XGL-05/10/2017).

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 05/10/2017 relativo á concesión de axudas para medidas de apoio ao programa inclusión social, e advertido erro na transcripción do mesmo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á corrección do citado erro resultando o acordo tal como segue:

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 03/10/2017, en relación ao escrito presentado por **Adrián González Vidal**, de data 19/09/2017 (Rexistro de entrada nº 14.946), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social e Xefa do Servizo, María Francisca Vidal Regueira, de data 28/09/2017.





Conceder a Adrián González Vidal unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **360,00 €**, para sufragar os gastos derivados de Comunidade Terapéutica.

III.- CONTRATACIÓN.

APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN CUBELIÑOS

Debido a que na zona na que centramos a actuación non existe rede de pluviais, circulando as augas superficiais pola vía pública e anegando fincas particulares cando as chuvias son moi intensas, considérase que é preciso instalar unha liña para a recollida das augas e solucionar o problema actual.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data marzo/2017, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 56.718,53 euros (Base: 46.874,82 euros; IVE 21%: 9.843,71 euros), sendo o prazo de execución de 2 meses.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 19/10/2017,
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 18/09/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan á rede viaria de titularidade municipal, intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, e que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que non se precisa autorización sectorial algunha.
- 3) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/09/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/09/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.



- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal na data 20/10/2017 (número de operación 2017 22018938), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.60905.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."


Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Orzamento		Prezo total (incluído IVE 21%)
	Data	Número	
Marqués de Marancán, S.L.	21/09/2017	-----	36.098,80 euros
Excavaciones Abelleira, S.L	25/09/2017	-----	36.638,80 euros
Vías y Servicios Generales, S.I	21/09/2017	48	36.865,99 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 23/10/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.





A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO- Aprobación da memoria redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2017, para as obras de **Instalación de rede de pluviais en Cubeliños** nun prezo total de licitación de 56.718,53 euros (Base: 46.874,82 euros; IVE 21%: 9.843,71 euros), sendo o prazo de execución de 2 meses

SEGUNDO.- Aprobación do expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobación do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.60905.

CUARTO- Adjudicar o contrato menor para a realización das obras de **Instalación de rede de pluviais en Cubeliños** á empresa "Marqués de Marancán, S.L" (NIF B-15.711.328), no prezo total do contrato de 36.098,80 euros (Base: 29.833,72 euros; IVE 21%: 6.265,08 euros), segundo o seu orzamento da data 21/09/2017.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/10/2017 "Decreto: Aprobación do expediente de contratación do servizo de catering para a celebración do "Encontro do Maior 2017"

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO LISTADO DE LICENZAS MUNICIPAIS POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES.

FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE: Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa respectiva documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas



súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

ORDENANZA 9.1.- Desenvolvemento

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

ORDENANZA TRANSITORIA 9.2.-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entiende, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.


Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares





destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.

SEGUNDO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

TERCEIRO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente constan as solicitudes presentadas polos interesados coa documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exíxirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, esixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

QUINTO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

SEXTO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

SÉTIMO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).





Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

OITAVO.- Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou no sedentaria.

NOVENO.- Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia en relación co Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

DÉCIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

DÉCIMO PRIMEIRO.- Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

DÉCIMO SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1de xullo de 2015.

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa documentación esixida no Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Concello de Riveira na data 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P. na data 22 de xullo de 2016, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 02/11/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A APROBACIÓN DA SEGUINTE RELACIÓN DE SOLICITUDES ÁS QUE SE LLE CONCEDE LICENZA POLA QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello de Riveira.

NUMERO	CONTRIBUINTE	DNI-CIF	Mts	ACTIVIDADE DE VENDA
Beirarrúa	JAMONES Y EMBUTIDOS EL OTE S.L.	B27258607	4	ALIMENTACION
23	TENRA DE FROITAS	B-94048972	6	ALIMENTACIÓN
072	BECERRA TARRIO JOSE	52455005D	2	ALIMENTACION
115	ARTESANIA DE A ESTRADA S.L.	B36544443	6	RESTO ACTIVIDADE
131	AMASROUI OUMKSSI MOHAMED	494022445	5	CALZADO – CONFECCION
132	AMASROUI BOURJA BRAHIN	45958632D	6	CALZADO – CONFECCION
135	GUEYE DIENG ALY	X7547152R	6	CALZADO – CONFECCION
143	JIMENEZ SALAZAR ANGEL	46092819Z	5	CALZADO – CONFECCION
144	SALAZAR SALAZAR ENCARNACIÓN	71037473H	5	CALZADO – CONFECCION
149	FERNANDEZ PEREZ GUILLERMO	35598057Z	6	CALZADO – CONFECCION
150	FERNANDEZ RAMIREZ AMELIA	50971125C	6	CALZADO – CONFECCION
164	JIMENEZ SANTOS ANASTASIO	52931224J	3	CALZADO CONFECCION
202	FERNANDEZ JIMENEZ LUZ	45847549Q	5	CALZADO – CONFECCION
205	JIMENEZ SANTOS ANGEL	52935643Q	5	CALZADO – CONFECCION
229	GIRALDEZ SEÑORANS PILAR	35289645D	6	CALZADO – CONFECCION
231	ENRIQUEZ GIRALDEZ SIRO	76933661H	6	CALZADO – CONFECCION
241	ROMERO ARUFE LAURA	44843481J	5	CALZADO – CONFECCION
250	SALAZAR BERMUDEZ JOSE IGNACIO	70973687B	6	CALZADO – CONFECCION
253	CABREIRA CAMACHO MONTEIRO MAIA JESUS	14018087	6	CALZADO – CONFECCION
256 B	BARRUL BARRUL JAVIER	36170633M	10	CALZADO – CONFECCION



262	LOPEZ GARCIA SARA	32617019Y	6	CALZADO – CONFECCION
266	MARIN MONTOYA BRUNO	35480455B	6	CALZADO – CONFECCION
273	MOURE PORTAS JACOBO	35455619S	6	CALZADO – CONFECCION
282 A	FERRERUELA JIMENEZ MARTA	11959406G	6	CALZADO – CONFECCION

SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2017, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2017.

A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Riveira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

TERCEIRO.- Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

CUARTO.- Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

SETIMO.- Asimesmo a licenza concedida:





- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Isauro Tesouro Franqueira**, de datas 07/07/2017, 11/08/2017 e 14/09/2017 (Rexistros de entrada nº 11.766, 13.391 e 14.754), nos que solicita licenza de obras para executar reforma de vivenda, emprazada na planta primeira de edificio composto de planta baixa para local comercial e cinco plantas altas para dúas vivendas por planta e baixocuberta para vivenda, sita na Rúa Churriana nº 5, 1ª-Esquerda, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0814613NH0101S0002GM.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 20/09/2017, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 24/10/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Isauro Tesouro Franqueira, **LICENZA DE OBRAS (Nº 58/17)** para **REFORMA DE VIVENDA**, emprazada na planta primeira de edificio composto de planta baixa para local comercial e cinco plantas altas para dúas vivendas por planta e baixocuberta para vivenda, sita na Rúa Churriana nº 5, 1ª-Esquerda, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0814613NH0101S0002GM, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos



Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 11 de agosto de 2017 así como Estudio Básico de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 11 de agosto de 2017 redactado polo Sr. Andrés Fernández Fuentes, (COATIE nº 1.641):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*





- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, a tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Visto o escrito presentado por Mateo Peña Fariña en representación de **Pablo Ayaso Sainz**, de data 04/09/2017 (Rexistro de entrada nº 14.192), no que achega Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 27 de setembro de 2017 redactado polo arquitecto Sr. José A. Gómez Domínguez, (Col. Nº 4.169), para engadir a expediente de licenza de obras nº 48/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 10/10/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 19/10/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 48/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de setembro de 2017 ao Sr. Pablo Ayaso Saínz, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 27 de setembro de 2017 redactado polo arquitecto Sr. José A. Gómez Domínguez, (Col. Nº 4.169), así como Oficio de Dirección de Obra e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de na data 29 de setembro de 2017.



3.- Visto o escrito presentado por **Maria José García García**, de data 10/10/2017 (Rexistro de entrada nº 16.337), no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 9 de outubro de 2017, Oficio de Dirección de Obra asinado dixitalmente polo arquitecto Sr. Alberto Pérez Sobrido, (arquitecto col. 4.733), Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 9 de outubro de 2017, para engadir a expediente de licenza de obras nº 53/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 10/10/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 19/10/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**


PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 53/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de setembro de 2017 a Sra. M^a José García García, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 9 de outubro de 2017, Oficio de Dirección de Obra asinado dixitalmente polo arquitecto Sr. Alberto Pérez Sobrido, (arquitecto col. 4.733), Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 9 de outubro de 2017:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos.*

4.- Visto o escrito presentado por **Antonio Martínez Parada**, de data 18/10/2017 (Rexistro de entrada nº 16.699), no que solicita a renuncia expresa da licenza municipal de obra nº 586/04.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 23/10/2017, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/10/2017, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 31/10/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da licenza urbanística municipal de obra presentada Sr. Antonio Martínez Parada en relación á **LICENZA DE OBRA Nº 586/04**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 11 de novembro de 2004 para levar a cabo a construción de dous vivendas unifamiliares na Estrada Xeral nº





48, Pedra da Raxa, Riveira, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 568/2004), formulada por **Antonio Martínez Parada**, coa seguinte contía: **3.210,73 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VIII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Carmen Laranga Lampón en representación de **José Antonio Sampedro Pena**, de data 17/10/2017 (Rexistro de entrada nº 16.633), no que solicita certificación de fincas rústicas con referencias catastrais 15074A006002530000KE, 15074A006002370000KT e 15074A039001110000KB.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 25/10/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Ref. catastrais: 15074A006002530000KE, 15074A006002370000KT e 15074A039001110000KB

Solicítase informe sobre se as fincas arriba indicadas están incluídas dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2016)

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico de Protección Ordinaria, polo que se pode afirmar que están incluídas dentro das mencionadas no citado artigo da Lei do Solo de Galicia.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

1.- Visto o escrito presentado por **Fernando Paz Pérez**, de data 25/09/2017 (Rexistro de entrada nº 15.271), no que solicita o arquivo do expediente da segregación e a devolución das taxas aboadas por tal concepto.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/10/2017,



así como ao informe de devolución de ingresos desfavorable emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 24/10/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da LICENZA DE SEGREGACIÓN e POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS Nº 2/17 con refª catastrais nº 15074A001002310000KF e nº 15074A001010330000KY sitas no lugar de Gude nº 15, Artes, Riveira, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de febreiro de 2017 ao Sr. Fernando Paz Pérez, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Denegar a devolución solicitada por Fernando Paz Pérez por mor a que, segundo consta no informe desfavorable emitido ao respecto polo Interventor Municipal, non procede segundo o establecido no artigo 6.2 da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola realización de actividades urbanísticas, xa que a renuncia do interesado prodúcese con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno Local que lle concedeu licenza para a segregación e posterior agrupación de parcelas.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


XII.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Ramón Fernández Domínguez**, de data 27/10/2017 (Rexistro de entrada nº 17.262), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito na Avenida Romero Ortiz, nº 44 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 27/10/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Ramón Fernández Domínguez** autorización para a instalación dun sinaleiro de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible sito na Avenida Romero Ortiz, nº 44 (Riveira).

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





2.- Visto o escrito presentado por **Rubén Rodríguez Valeiras**, de data 18/10/2017, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe dun solar sito na Rúa Fontenova, nº 5 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 27/10/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Rubén Rodríguez Valeiras** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, e pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do solar sito na Rúa Fontenova, nº 5 (Corrubedo).

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o informe presentado pola Policía Local, de data 27/10/2017, relativo á posible necesidade de repintado de marcas viais por desgaste na Rúa Alexandre e Avenida do Malecón (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que **autorizar** o repintado de marcas viais por desgaste na Rúa Alexandre e Avenida do Malecón (Riveira), según o contido do citado informe policial e croquis que se achega no mesmo:

- 1.- Marca vial amarela lonxitudinal continua no borde da calzada
- 2.- Sinal horizontal "Ceda o paso"
- 3.- Marcas transversais discontinua "Ceda o paso"
- 4.- Marcas viais delimitación estacionamentos
- 5.- Marca vial "cebreado"-Franxas oblicuas paralelas enmarcadas nunha liña continua

2.- Visto o escrito presentado por Asesoría Beny García en representación de **Comunidade de Propietarios Avenida da Coruña, 125, Portal 5 e 6**, de data 25/10/2017 (Rexistro de entrada nº 17.101), no que solicita a instalación dunha sinal de dirección prohibida con autorización unicamente para acceso ao garaxe.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/10/2017 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





1.- Denegar a solicitude presentada Asesoría Beny García, en representación de Comunidade de Propietarios Avenida da Coruña, 125, Portal 5 e 6, por mor de que, según consta no citado informe policial, non lle corresponde a esta administración pública asumir a colocación da sinal de tráfico solicitada ao ser esa vía de acceso ao garaxe de titularidade e utilización privada.

2.- Informar ao solicitante que non existe inconveniente en que se solicite e, de ser o caso, se lle conceda autorización para a instalación no seu terreo algún elemento que impida a circulación por ese vial privado (cadea, pivote, portal,...).

3.- Visto o escrito presentado por **Cecilia Lois Arcán**, de data 13/10/2017 (Rexistro de entrada nº 16.499), no que solicita o pintado de liñas de estacionamento e a reubicación de contedores na estrada de Deán Pequeno, á altura do edificio "Mirador de Padín" (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 26/10/2017 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Autorizar o pintado da zona de estacionamentos en batería (reservando un estacionamento para usuarios de mobilidade reducida ao principio da liña) e, así mesmo, o pintado en amarelo dunha zona delimitada e reservada aos contedores ubicándoos no asfalto e ao borde da beirarrúa, na esquina da saída do garaxe, de xeito que a súa ubicación non reste visibilidade á saída de usuarios dese garaxe, e según consta no citado informe policial.

EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE COMPRAVENDA DE CINCO PARCELAS CONTIGUAS NO LUGAR DE MARTÍN CO FIN DE DESTINALAS A ESPAZO PÚBLICO. ACORDO SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS.

En relación ao expediente de referencia, e con base aos seguintes

FEITOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 07/09/2017, acordou a adquisición de cinco fincas sitas no lugar de Martín, co fin de destinalas a espazo público.

Segundo.- No Fundamento de dereito segundo do referido acordo municipal, descríbese a finca número 2, advertíndose erros na referida descrición.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Así o dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso que nos ocupa, advírtese una inexactitude na descrición da finca número 2, o que se considera un erro material que pode rectificarse en calquera momento, xa que non afecta ao contido xurídico do acto administrativo, nin á súa supervivencia, contido e substantividade.

Polo exposto, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 31/10/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Que se proceda a efectuar a oportuna corrección dos erros existentes no referido acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 07/09/2017, polo que **Onde di**:

“FINCA Nº 2:

Descrición: Finca denominada “AGRIÑO DA FONTE”, sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 336 metros cadrados, que linda: Norte, estrada CP-7308; Sur, camiño; Este, parcela propiedade de José Manuel Reiriz García e Manuela Graña Martínez; e Oeste, parcela propiedade de Francisco José Fernández Fernández.

Propietario: María José Fernández Agrafojo, con DNI número 33259068X, e domicilio na Avenida de Ferrol, nº 63, Santiago de Compostela.

Título: Perténcelle por herdanza do seu pai, don Manuel Fernández Crujeiras, segundo consta en testamento outorgado ante o Notario de Santiago de Compostela, don Manuel Peregil Cambón, o 23 de outubro de 2.000, co número 2.164 de protocolo.

Inscrición: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Referencia Catastral: 15074A017001310000KZ.

Clasificación do solo: Solo de núcleo rural.

Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.”

Debe dicir;

“FINCA Nº 2:

Descrición: Finca denominada “AGRIÑO DA FONTE”, sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 336 metros cadrados, que linda: Norte, estrada CP-7308; Sur, camiño; Este, parcela propiedade de José Manuel Reiriz García e Manuela Graña Martínez; e Oeste, parcela propiedade de Francisco José Fernández Fernández.

Propietario: María José Fernández Agrafojo, con DNI número 33259068X, e domicilio na Avenida de Ferrol, nº 63, Santiago de Compostela.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Título: *Perténcelle por herdanza do seu pai, don Manuel Fernández Crujeiras, segundo consta en testamento outorgado ante o Notario de Santiago de Compostela, don Manuel Peregil Cambón, o 23 de outubro de 2.000, co número 2.164 de protocolo.*

Inscripción: *Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*

Referencia Catastral: *15074A017001310000KZ.*

Clasificación do solo: *Solo de núcleo rural.*

Cargas: *Consta a existencia sobre a finca dun usufruto vitalicio a favor de Dora María Agrafojo Oujo, con DNI número 33.083.096B.*

Aos efectos do disposto no artigo 41.2 do Real Decreto 828/1995, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e tendo en conta a data de nacemento da usufrutuaria (01/03/1934), a valoración do referido dereito real establécese nun 10% do valor total da finca."

Onde di:

"Primeiro.- *Adquirir as parcelas referidas a continuación:*

- 1. Finca denominada "AGRIÑOS DA FONTE", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 394 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 1, coa referencia catastral 15074A017001300000KS, propiedade de Francisco José Fernández Fernández, con DNI número 52457841Q, polo prezo de 21.951,71 €.*
- 2. Finca denominada "AGRIÑO DA FONTE", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 336 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 2, coa referencia catastral 15074A017001310000KZ, propiedade de María José Fernández Agrafojo, con DNI número 33259068X, polo prezo de 18.720,24 €.*
- 3. Finca denominada "AGRIÑO", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 119 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 3, coa referencia catastral 15074A017001320000KU, propiedade de José Manuel Reiriz García, con DNI número 76489442-K e Manuela Graña Martínez, con DNI número 76504468-M, polo prezo de 6.630,085 €.*
- 4. Finca sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 76 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 4, coa referencia catastral 15074A017001330000KH, propiedade de Antonio Suárez Paisal, con DNI número 35386833-E, polo prezo de 4.234,34 €.*
- 5. Finca sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 104 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 5, coa referencia catastral 15074A017001340000KW, propiedade de*



Manuela Graña Martínez, con DNI número 76504468-M, polo prezo de 5.794,36 €.

O que fai un total polas cinco fincas de 57.330,73 euros, que se fará efectivo mediante cheque nominativo coa sinatura das escrituras públicas de compravenda."

Debe dicir;

"Primeiro.- Adquirir as parcelas referidas a continuación:

- 1. Finca denominada "AGRIÑOS DA FONTE", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 394 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 1, coa referencia catastral 15074A017001300000KS, propiedade de Francisco José Fernández Fernández, con DNI número 52457841Q, polo prezo de 21.951,71 €.*
- 2. Finca denominada "AGRIÑO DA FONTE", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 336 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 2, coa referencia catastral 15074A017001310000KZ, propiedade de María José Fernández Agrafojo, con DNI número 33259068X, polo prezo de 18.720,24 €.*

O pagamento desta cantidade efectuarase do seguinte xeito:

- Pago de 16.848,22 euros a favor da nuda propietaria, María José Fernández Agrafojo, con DNI número 33259068X.*
- Pago de 1.872,02 euros a favor da usufrutuaria, Dora María Agrafojo Oujo, con DNI número 33.083.096B.*

Estes pagamentos implican a transmisión de ambos dereitos a favor do Concello de Riveira.

- 3. Finca denominada "AGRIÑO", sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 119 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 3, coa referencia catastral 15074A017001320000KU, propiedade de José Manuel Reiriz García, con DNI número 76489442-K e Manuela Graña Martínez, con DNI número 76504468-M, polo prezo de 6.630,085 €.*
- 4. Finca sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 76 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 4, coa referencia catastral 15074A017001330000KH, propiedade de Antonio Suárez Paisal, con DNI número 35386833-E, polo prezo de 4.234,34 €.*
- 5. Finca sita no lugar de Martín, do municipio de Riveira, da superficie de 104 metros cadrados, descrita no fundamento segundo deste informe como Finca número 5, coa referencia catastral 15074A017001340000KW, propiedade de Manuela Graña Martínez, con DNI número 76504468-M, polo prezo de 5.794,36 €.*



O que fai un total polas cinco fincas de 57.330,73 euros, que se fará efectivo mediante cheque nominativo coa sinatura das escrituras públicas de compravenda."

EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AUXILIAR DE BIBLIOTECA. ACORDO SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS.

En relación ao expediente de referencia, e con base aos seguintes

FEITOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 14/09/2017, acordou a aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para contratación laboral temporal dun/dunha auxiliar de biblioteca.

Segundo.- No punto primeiro do referido acordo municipal, acordáse a aprobación das bases, advertíndose erro na descrición do posto.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS


As Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Así o dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso que nos ocupa, advírtese una inexactitude na descrición do posto obxecto de aprobación das bases reguladoras, o que se considera un erro material que pode rectificarse en calquera momento, xa que non afecta ao contido xurídico do acto administrativo, nin á súa supervivencia, contido e substantividade.

Polo exposto, vista a documentación que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Que se proceda a efectuar a oportuna corrección dos erros existentes no referido acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14/09/2017, polo que **Onde di:**

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a contratación dun/dunha educador/a social para os servizos sociais comunitarios.





Debe dicir;

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a contratación laboral temporal dun/dunha auxiliar de biblioteca.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE ARRENDAMENTO DUNHA FINCA PROPIEDAD DE DON SANTOS OUJO BELLO CO FIN DE DESTINALA A APARCADOIRO MUNICIPAL. ACORDO SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS.

En relación ao expediente de referencia, e con base aos seguintes

FEITOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 19/10/2017, acordou a aprobación do expediente de arrendamento dunha finca propiedade de don Santos Oujo Bello co fin de destinala a aparcadoiro municipal.

Segundo.- No punto primeiro do referido acordo municipal, acordáse o arrendamento do inmovible con referencia catastral 15074A938000470000UF, advertíndose erro na redacción da cláusula “4ª Prezo do contrato”.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Así o dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso que nos ocupa, advírtese una inexactitude na redacción da cláusula “4ª Prezo do contrato” do punto primeiro do citado acordo, o que se considera un erro material que pode rectificarse en calquera momento, xa que non afecta ao contido xurídico do acto administrativo, nin á súa supervivencia, contido e substantividade.

Polo exposto, vista a documentación que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Que se proceda a efectuar a oportuna corrección dos erros existentes no referido acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 19/10/2017, polo que **Onde di:**

“4ª PREZO DO CONTRATO



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

O prezo do presente contrato privado de arrendamento é de 450 euros mensuais, IVE incluído, que se abonará á propiedade cada 3 meses, antes do día 10, é dicir, aboaráse o trimestre vencido da seguinte maneira: 1º trimestre antes do día 10 de abril, 2º trimestre antes do día 10 de outubro, e 4º trimestre antes do día 10 de xaneiro, mediante transferencia bancaria da referida cantidade en conta bancaria a designar polo arrendador. Requirirá a previa presentación da factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan, entre os días 1 e 5 do mes seguinte ao que correspondan.”

Debe dicir;

“4ª PREZO DO CONTRATO

O prezo do presente contrato privado de arrendamento é de 450 euros mensuais, IVE incluído, que se abonará á propiedade cada 3 meses, antes do día 10, é dicir, aboaráse o trimestre vencido da seguinte maneira: 1º trimestre antes do día 10 de abril, 2º trimestre antes do día 10 de xullo, 3º trimestre antes do día 10 de outubro, e 4º trimestre antes do día 10 de xaneiro, mediante transferencia bancaria da referida cantidade en conta bancaria a designar polo arrendador. Requirirá a previa presentación da factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan.”

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, dous de novembro de 2017

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



Manuel Ruiz Rivas



Juan Manuel Salguero del Valle

